

VIAXE AO PALEOLÍTICO

Esta semana propoñemos unha viaxe aos inicios da nosa historia. Si tedes acceso a internet buscade información sobre esta época. Tamén vos deixamos arquivos para ler por si non tedes ordenador.

As tarefas a realizar son as seguintes:

1. Deseño dun menú paleolítico:

Debuxa a carta e si é posible elabora na casa algún deses pratos.

2. Pase da moda paleolítica

Deseña una vestimenta acorde a esa época. Sé fora posible vístete de forma similar e fai una foto.

3. Inventa un cómic ou un conto sobre un día no paleolítico.
4. Fai un debuxo coma os das pinturas dos homes paleolíticos. Poderías tentar facelo usando pinturas feitas con elementos naturais coma pementón, azafrán ,cacao...
5. Si tiveras que resgardarte un día de choiva na época paleolítica que usarías como refuxio?
6. Como se divertían ou se distraían nesa época?

Atrévete a tocar unha melodía usando so utensilios que existisen xa no paleolítico.

Ao final da semana envíanos por whatsapp todo o que fuches facendo.

Lembra que...

Patróns e deseños atopados en ósos e ferramentas da Era Paleolítica, así como en paredes de covas, e xoiería feita de pedras, son evidencia das formas de arte desenvolvidas durante este período.

- Científicos debaten o rol dos homes e mulleres da Era Paleolítica. Algúns cren que a división de labores era flexible entre homes e mulleres. Mentres outros cren que os homes eran cazadores e as mulleres recolectoras. Outros mesmo cren que os roles estaban investidos nalgunhas culturas.
- Cando se fala de "Home primitivo", considera que é unha xeneralización lingüística que se refire a tódolos seres humanos independentemente do seu xénero.
- Durante a Era Paleolítica foron desenvolvidas certas ferramentas que fixeron máis fácil ao humano sobrevivir. Estas ferramentas incluían machadas de man, lanzas con punta de pedra, arpóns, arco e frecha.
- Crese que animais como os cans foron domesticados durante a Era Paleolítica.
- O uso de calendarios durante o Paleolítico Superior fixo posible ao humano o rastrexar migracións de animais por propósitos de caza. Isto tamén fixo posible para o home coñecer que animais estarían dispoñibles e cando.
- O Home da Era Paleolítica construía refuxios temporais que provían protección contra os elementos da natureza.
- Estímase que só había un millón de persoas vivindo durante a Era Paleolítica. Dividíronse e non se mantiveron en cidades mentres se movían para asegurar a dispoñibilidade de comida.

- O cambio climático durante a Era Paleolítica foi caracterizado por ciclos glaciares. Houbo catro grandes ciclos glaciares que cambiaron a terra enteira.

Por certo, viches algunha das 4 pelis de ICE AGE? Pode ser un bo momento para volver a ver as aventuras prehistóricas de Scrat e compañía!! Faite con moitos flocos de millo antes de ir para o sofá...e a divertirse, pero pensa no aprendido.

- A Era Paleolítica terminou coa última era do xeo, cando a terra volveuse máis cálida.

Páxinas web:

<https://www.youtube.com/watch?v=x0RUH5kJHug> VIDEO 5 cosas que deberías saber

<https://www.slideshare.net/sabinaverde/el-paleolitico-para-4-primaria>

https://www.slideshare.net/JAIMECASTS/la-prehistoria-en-imgenes-2?next_slideshow=1

AUTOAVALIACIÓN:

Proba este enlace para ver canto aprendiches:

<https://juegosinfantiles.bosquedefantasias.com/ciencias-sociales/historia/paleolitico>